

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE MEDIO AMBIENTE, E MEDIO RURAL E MARIÑO

- 3372** *Orde ARM/462/2010, do 23 de febreiro, pola que se modifican os anexos II, III e IV do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da comunidade europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.*

O Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, incorporou ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2000/29/CE do Consello, do 8 de maio de 2000, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

A Directiva 2010/1/UE da Comisión, do 8 de xaneiro de 2010, pola que se modifican os anexos II, III e IV da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade, modificou a situación de certas zonas en Italia e Suíza respecto do organismo nocivo *Erwinia amylovora* (Burr.) Winsl. et al., procedendo, polo tanto, a súa incorporación ao noso ordenamento a través da correspondente modificación dos anexos II, III e IV do Real decreto 58/2005, do 21 de xaneiro.

Esta orde dítase ao abeiro da habilitación establecida na disposición derradeira segunda do citado real decreto, pola que se faculta o ministro de Agricultura, Pesca e Alimentación, actual ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, para adaptar os anexos deste ás modificacións que sexan introducidas neles mediante disposicións comunitarias.

Na elaboración da presente disposición foron consultadas as comunidades autónomas e as entidades representativas dos sectores afectados.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo único. Modificación dos anexos II, III e IV do Real Decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros.

Os anexos II, III e IV do Real Decreto 58/2005, do 21 de xaneiro, polo que se adoptan medidas de protección contra a introdución e difusión no territorio nacional e da Comunidade Europea de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais, así como para a exportación e tránsito cara a países terceiros, quedan modificados como segue:

Un. Na letra b), punto 2, da parte B do anexo II, o texto da terceira columna, relativa ás zonas protexidas respecto do organismo nocivo *Erwinia amylovora* (Burr.) Winsl. et al., substitúese polo seguinte:

«E, EE, F (Córsega), IRL, I (Abruzos, Apulia, Basilicata, Calabria, Campania, Emilia-Romaña [provincias de Parma e Piacenza], Friuli-Venecia Giulia, Lazio, Liguria, Lombardía [agás a provincia de Mantua], Marche, Molise, Piamonte, Sardeña, Sicilia, Toscana, Umbría, Val de Aosta, Véneto [agás as provincias de Rovigo e Venecia, os municipios de Castelbaldo, Barbona, Boara Pisani, Masi, Piacenza d'Adige, S. Urbano e Vescovana na

provincia de Padua, e a zona situada ao sur da autoestrada A4 na provincia de Verona)], LV, LT, P, SI (excepto as rexións de Gorenjska, Koroška, Maribor e Notranjska), SK (excepto os municipios de Blahová, Horné Mýto e Okoč [distrito de Dunajská Streda], Hronovce e Hronské Kľačany [distrito de Levice], Málíneč [distrito de Poltár], Hrhov [distrito de Rožňava], Veľké Ripňany [distrito de Topoľčany], Kazimír, Luhyňa, Malý Horeš, Svätuške e Zatín [distrito de Trebišov]), FI, UK (Irlanda do Norte, Illa de Man e Illas do Canal da Manga).»

Dous. A parte B do anexo III queda modificada como segue:

a) No punto 1, o texto da segunda columna, relativo ás zonas protexidas, substitúese polo seguinte:

«E, EE, F (Córsega), IRL, I (Abruzos, Apulia, Basilicata, Calabria, Campania, Emilia-Romaña [provincias de Parma e Piacenza], Friuli-Venecia Giulia, Lazio, Liguria, Lombardía [agás a provincia de Mantua], Marche, Molise, Piamonte, Sardeña, Sicilia, Toscana, Umbría, Val de Aosta, Véneto [agás as provincias de Rovigo e Venecia, os municipios de Castelbaldo, Barbona, Boara Pisani, Masi, Piacenza d'Adige, S. Urbano e Vescovana na provincia de Padua, e a zona situada ao sur da autoestrada A4 na provincia de Verona)], LV, LT, P, SI (excepto as rexións de Gorenjska, Koroška, Maribor e Notranjska), SK (excepto os municipios de Blahová, Horné Mýto e Okoč [distrito de Dunajská Streda], Hronovce e Hronské Kľačany [distrito de Levice], Málíneč [distrito de Poltár], Hrhov [distrito de Rožňava], Veľké Ripňany [distrito de Topoľčany], Kazimír, Luhyňa, Malý Horeš, Svätuške e Zatín [distrito de Trebišov]), FI, UK (Irlanda do Norte, Illa de Man e Illas do Canal da Manga).»

b) No punto 2, o texto da segunda columna, relativo ás zonas protexidas, substitúese polo seguinte:

«E EE, F (Córsega), IRL, I (Abruzos, Apulia, Basilicata, Calabria, Campania, Emilia-Romaña [provincias de Parma e Piacenza], Friuli-Venecia Giulia, Lazio, Liguria, Lombardía [agás a provincia de Mantua], Marche, Molise, Piamonte, Sardeña, Sicilia, Toscana, Umbría, Val de Aosta, Véneto [agás as provincias de Rovigo e Venecia, os municipios de Castelbaldo, Barbona, Boara Pisani, Masi, Piacenza d'Adige, S. Urbano e Vescovana na provincia de Padua, e a zona situada ao sur da autoestrada A4 na provincia de Verona)], LV, LT, P, SI (excepto as rexións de Gorenjska, Koroška, Maribor e Notranjska), SK (excepto os municipios de Blahová, Horné Mýto e Okoč [distrito de Dunajská Streda], Hronovce e Hronské Kľačany [distrito de Levice], Málíneč [distrito de Poltár], Hrhov [distrito de Rožňava], Veľké Ripňany [distrito de Topoľčany], Kazimír, Luhyňa, Malý Horeš, Svätuške e Zatín [distrito de Trebišov]), FI, UK (Irlanda do Norte, Illa de Man e Illas do Canal da Manga).»

Tres. A parte B do anexo IV queda modificado como segue:

a) O punto 21 queda modificado como segue:

1.º Na columna segunda, a letra c) substitúese pola seguinte:

«c) os vexetais son orixinarios do cantón suízo de Valais, ou»

2.º O contido da terceira columna, relativa ás zonas protexidas, substitúese polo seguinte:

«E, EE, F (Córsega), IRL, I (Abruzos, Apulia, Basilicata, Calabria, Campania, Emilia-Romaña [provincias de Parma e Piacenza], Friuli-Venecia Giulia, Lazio, Liguria, Lombardía [agás a provincia de Mantua], Marche, Molise, Piamonte, Sardeña, Sicilia, Toscana, Umbría, Val de Aosta, Véneto [agás as provincias de Rovigo e Venecia, os municipios de Castelbaldo, Barbona, Boara Pisani, Masi, Piacenza d'Adige, S. Urbano e Vescovana na provincia de Padua, e a zona situada ao sur da autoestrada A4 na provincia de Verona)],

LV, LT, P, SI (excepto as rexións de Gorenjska, Koroška, Maribor e Notranjska), SK (excepto os municipios de Blahová, Horné Mýto e Okoč [distrito de Dunajská Streda], Hronovce e Hronské Kľačany [distrito de Levice], Málíneč [distrito de Poltár], Hrhov [distrito de Rožňava], Veľké Ripňany [distrito de Topoľčany], Kazimír, Luhyňa, Malý Horeš, Svätušie e Zátín [distrito de Trebišov]), FI, UK (Irlanda do Norte, Illa de Man e Illas do Canal da Manga).»

b) O punto 21.3 queda modificado como segue:

1.º Na columna segunda, a letra b) substitúese pola seguinte:

«b) son orixinarios do cantón suízo de Valais, ou»

2.º O contido da terceira columna, relativa ás zonas protexidas, substitúese polo seguinte:

«E, EE, F (Córsega), IRL, I (Abruzos, Apulia, Basilicata, Calabria, Campania, Emilia-Romaña [provincias de Parma e Piacenza], Friuli-Venecia Giulia, Lazio, Liguria, Lombardía [agás a provincia de Mantua], Marche, Molise, Piamonte, Sardeña, Sicilia, Toscana, Umbría, Val de Aosta, Véneto [agás as provincias de Rovigo e Venecia, os municipios de Castelbaldo, Barbona, Boara Pisani, Masi, Piacenza d'Adige, S. Urbano e Vescovana na provincia de Padua, e a zona situada ao sur da autoestrada A4 na provincia de Verona]), LV, LT, P, SI (excepto as rexións de Gorenjska, Koroška, Maribor e Notranjska), SK (excepto os municipios de Blahová, Horné Mýto e Okoč [distrito de Dunajská Streda], Hronovce e Hronské Kľačany [distrito de Levice], Málíneč [distrito de Poltár], Hrhov [distrito de Rožňava], Veľké Ripňany [distrito de Topoľčany], Kazimír, Luhyňa, Malý Horeš, Svätušie e Zátín [distrito de Trebišov]), FI, UK (Irlanda do Norte, Illa de Man e Illas do Canal da Manga).»

Disposición derradeira primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante esta orde incorpórase ao dereito español a Directiva 2010/1/UE da Comisión, do 8 de xaneiro de 2010, pola que se modifican os anexos II, III e IV da Directiva 2000/29/CE do Consello, relativa ás medidas de protección contra a introdución na Comunidade de organismos nocivos para os vexetais ou produtos vexetais e contra a súa propagación no interior da Comunidade.

Disposición derradeira segunda. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o 1 de marzo de 2010.

Madrid, 23 de febreiro de 2010. -A ministra de Medio Ambiente, e Medio Rural e Mariño, Elena Espinosa Mangana.